AS CHAPAS

CARACTERÍSTICA PRINCIPAL:
GOLPEAR CON HABILIDADE
XOGO CON MATERIAL:
SI

DESCRICIÓN

NOME DO XOGO:
AS CHAPAS
XEITO DE XOGO:
Bótanse sortes para ver quen empeza. Márcase un camiño no chan. As chapas desprázanse dándolles un golpiño coas unllas para avanzar ao longo do camiño citado. Cada persoa golpea unha vez a súa chapa. Se a chapa sae fóra do camiño, haberá que volver outra vez ao principio do camiño (cando as nenas e nenos son moi pequenos se se saen do camiño volven ao sitio no que estaban cando golpearan a chapa). Gaña quen antes chegue á meta.
VARIANTES:
Colocar os seguintes atrancos no camiño:
1.- Cárcere: unha vez sen tirar.
2.- Pozo: dúas veces sen tirar.
3.- Morte: comezar de novo o xogo.
4.- Areas movedizas: tres veces sen tirar.
Tamén se empregan as Chapas para simular eventos deportivos, enchendo o interior con debuxos de deportistas de grande sona. Neste senso, estase desenvolvendo na actualidade unha Liga española de Fútbol-chapas.
MATERIAIS E ESPAZOS:
Taponciños de refrescos ou ben doutras bebidas .
Espazo amplo e liso, ben de exterior (area ou cemento) ou de interior (madeira ou cemento). Para marcar o camiño, usar xiz ou pintura.
LÉXICO ESPECÍFICO:
Areas movedizas, atallos, pontes, cárceres, morte …

CONSIDERACIÓNS DIDÁCTICAS

FORMACIÓN DE GRUPOS:
Como moito seis persoas por camiño.
CARACTERÍSTICAS MOTORAS QUE DESENVOLVE:
FÍSICAS: habilidade e precisión.
COORDINATIVAS: coordinación óculo-manual.
ADAPTACIÓNS:
POR IDADE/CICLO: a partires dos 6 anos
RELACIÓN CON OUTRAS MATERIAS (palabras-chave):
- Língua: vocabulario empregado.
- Educación artística: encher de cera as chapas ou pegarlle algo dentro.

OUTROS XOGOS SEMELLANTES NO MUNDO

Txapa (Euscadi), *Platetes* (Aragón e Andalucía), *Caricas* (Portugal)...

DEPORTE GALEGO
XUNTA DE GALICIA

Deseño: ABANA EVENTOS S.L.